

II ASAMBLEA XERAL ORDINARIA DO 18 DE FEBREIRO DO 2017

O pasado 18 de febreiro celebrouse no Centro Sociocultural de Monterroso a Asemblea Xeral Ordinaria do Instituto de Estudos Ulloáns (IEU).

Ademáis da aprobación da acta da I Asemblea Xeral Ordinaria celebrada en xaneiro de 2016, do informe económico do exercicio e da memoria de actividades 2016, tamén se adoptaron os seguintes acordos por unanimidade:

1.- Modificar o capítulo V dos estatutos no que se regulan os distintos tipos de socios, quedando establecidas as seguintes categorías : socio numerario, socio honorario, socio institucional e o socio protector e modificar o capítulo II referente a Xunta de Goberno, reducindo os seus integrantes, co fin de axilizar a xestión da asociación, pasando de 16 a 7 membros.

2.- Como resultado da redución do número de membros e dado cese voluntario do vicedirector, a Xunta de Goberno do IEU queda composta, dende o 18 de febreiro de 2017, da seguinte maneira:

Director	X. Francisco Pardo Teijeiro	(Palas de Rei)
Vicedirector	Jesús Otero Calvo	(Monterroso)
Secretario	Xosé Miguel de Castro	Palas de Rei)
Administrador	Xosé Luis Santiso	(Antas de Ulla)
Vogal nº 1	Braulio Vilariño	(Palas de Rei)
Vogal nº 2	Marta Gontá Cordeiro	(Antas de Ulla)
Vogal nº 3	María José Gómez Alvite	(Monterroso)

3.- Nomear socio honorario do IEU a D. Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, nomeamento que xa lle foi comunicado.

4.- Informouse das seguintes publicacións:

-Revista CAIRÓN, dirixida por Daniel Salgado, que se presentará na feira do libro de Monterroso do 18 de marzo.

-O libro do noso socio Xulio Pardo de Neira “Da fidalguía á república...” e que está proxectado presentar en Lugo o 17 de maio, día das Letras galegas, e en Antas de Ulla o fin de semana seguinte.

-O proxecto dun libro monográfico sobre a feira de Monterroso coordinado por María José Gómez Alvite.

-O proxecto dun libro de relatos curtos, “Relatos da Ulloa” ,que coordinará Xulio Pardo de Neyra.

-Gregorio Ferreiro informou sobre a próxima publicación das unidades didácticas premiadas no Certame Literario Lorenzo Varela, convocadas polo Concello de Monterroso en colaboración co IEU.

5.- Establecéronse e debatíronse os proxectos de actividades para o ano 2017